

1 As bases de jQuery

Como base, jQuery enfócase á recuperación de elementos das páxinas HTML e realización de operacións sobre os mesmos. Se vostede está familiarizado con CSS, darase conta da potencia que teñen os **selectores**, os cales describen grupos de elementos polos seus atributos ou situación dentro do documento.

1.1 Sumario

- 1 A base de jQuery
- 2 **A clave de jQuery** A crave no aprendizaxe de jQuery está no uso da función `$()` - alias de `jQuery()` -. Esta función poderíase comparar co clásico `document.getElementById()` pero coa diferenza moi importante de que `$()` soporta selectores CSS e pode devolver arrays, polo tanto `$()` é unha versión mellorada do `document.getElementById()`. Esta función `$("selector")` acepta como parámetro unha cadea de texto que será un selector CSS, pero tamén pode aceptar un segundo parámetro `$("selector", contexto)` que será o contexto no cal se vai a facer a búsqueda do selector citado. Ver un exemplo máis abaixo. Tamén poderemos ter outro uso da función con `$(funcion)` equivalente a `$(document).ready(funcion)`, que nos permitirá detectar cando o DOM está completamente cargado. Ver un exemplo máis abaixo
- 3 O encapsulamento en jQuery
- 4 `$(selector, contexto)` A función `$()` tamén pode ter un segundo parámetro que nos indicaría o contexto no cal se vai a facer a selección.
- 5 `$(funcion) jQuery(funcion) $(document).ready(funcion())` Permítenos detectar cando o DOM (Modelo de Obxectos do Documento) está completamente cargado, para evitar posibles erros de acceso ós obxectos.
- 6 Funcións de utilidade en jQuery
- 7 Explicación en detalle do selector `document ready`
- 8 Creando elementos DOM
- 9 Emprego de jQuery con outras librerías

1.2 A base de jQuery

1.3 A clave de jQuery

A crave no aprendizaxe de jQuery está no uso da función `$()` - alias de `jQuery()` -. Esta función poderíase comparar co clásico `document.getElementById()` pero coa diferenza moi importante de que `$()` soporta selectores CSS e pode devolver arrays, polo tanto `$()` é unha versión mellorada do `document.getElementById()`.

Esta función `$("selector")` acepta como parámetro unha cadea de texto que será un selector CSS, pero tamén pode aceptar un segundo parámetro `$("selector", contexto)` que será o contexto no cal se vai a facer a búsqueda do selector citado. Ver un exemplo máis abaixo.

Tamén poderemos ter outro uso da función con `$(funcion)` equivalente a `$(document).ready(funcion)`, que nos permitirá detectar cando o DOM está completamente cargado. Ver un exemplo máis abaixo

[Consultar máis información sobre a función `\$\(\)`.](#)

1.4 O encapsulamento en jQuery

Cando se introduciu CSS nas tecnoloxías web fíxose co fin de separar o deseño do contido, de forma que puidéramos facer referencia ós elementos da páxina dende as follas de estilo.

O método foi desenvolvido facendo uso de **selectores**, que **referencian os elementos en base os seus atributos ou a súa posición** no documento HTML.

Por exemplo o selector

```
p a
```

```
fai referencia ó grupo dos enlaces (elementos <a>) que están contidos dentro dun elemento p (párrafo).
```

jQuery fai uso dos mesmos selectores, dando soporte ós selectores máis comúns empregados en CSS, e tamén a moitos selectores que aínda non están soportados por moitos navegadores.

Por exemplo o selector **nth-child** que vimos nun exemplo anterior é un bo exemplo da potencia de selección en jQuery.

Para facer referencia a un grupo de elementos, usaremos unha sintaxis moi simple:

```
$( "selector" )  
  
ou  
  
jQuery ( "selector" )
```

O máis cómodo é empregar a notación **\$()**, aínda que resulte un pouco estraña ó principio.

Por exemplo, para recuperar o grupo de enlaces que está dentro dun elemento p, usaríamos o seguinte:

```
$( "p a" )
```

A función **\$()** (alias de **jQuery()**) devolve un obxecto especial JavaScript que contén un array de todos os elementos DOM que cumpren o selector.

1.5 \$(selector, contexto)

A función **\$()** tamén pode ter un segundo parámetro que nos indicaría o contexto no cal se vai a facer a selección.

Por exemplo:

```
$( "input", document.forms[0] );  
  
// Seleccionaría todos os obxectos input no primeiro formulario  
// do documento.
```

En termos de programación, estase a producir un encapsulamento xa que estamos accedendo a todos os elementos seleccionados e estamos aplicándolle unha funcionalidade extendida.

Por exemplo se queremos ocultar todos os elementos div dun documento que empregan a clase "colorido", en jQuery faríamos o seguinte:

```
$( "div.colorido" ).fadeOut ();
```

Unha característica especial en moitos comandos de jQuery é que unha vez que ese comando terminou a súa acción (como por exemplo a operación anterior de ocultar `fadeOut()`), ese mesmo comando devolve o mesmo grupo de elementos listos para poder ser usados nunha nova acción.

Por exemplo, se queremos engadir unha nova clase os elementos que ocultamos recentemente poderíamos facer:

```
$( "div.colorido" ).fadeOut ().addClass ( "eliminados" );
```

Este encadeamento de accións podería continuar indefinidamente.

Outro exemplo:

```
$( "#unelemento" ).html ( "Engadimos texto ó elemento" );  
  
ou  
  
$( "#unelemento" )[0].innerHTML = "Engadimos texto ó elemento";
```

No exemplo anterior empregamos un selector de ID ("**#id**"), polo que soamente un obxecto do documento cumprirá ese selector. No primeiro caso empregamos o método `html()`, o cal reempaza o contido do elemento co novo contido HTML.

Se queremos face-lo mesmo pero con varios elementos poríamos:

```
$("#div.novotexto").html("Engadimos texto a un grupo de div que están usando a clase novotexto");
```

ou

```
var elements = $("#div.novotexto");  
for(i=0;i<elements.length;i++)  
elements[i].innerHTML ="Engadimos texto a un grupo de div que están usando a clase novotexto";
```

Outros exemplos:

```
$("#p:even"); //Este selector selecciona todos os párrafos que sexan pares.  
$("#tr:nth-child(1)"); /*Este selector selecciona a primeira fila de tódalas táboas do documento. */  
$("#body > div"); //Este selector selecciona os <div> fillos que colgan directamente de <body>.  
$("#a[href$=pdf]"); //Este selector selecciona enlaces a ficheiros PDF.  
$("#body > div:has(a)"); //Este selector selecciona <div> que son fillos  
// directos de <body> e que ademáis conteñan enlaces.
```

1.6 \$(function) jQuery(function) \$(document).ready(function())

Permítenos detectar cando o DOM (Modelo de Obxectos do Documento) está completamente cargado, para evitar posibles erros de acceso ós obxectos.

Exemplos de uso dos tres métodos anteriores:

```
$(function(){  
/*  
Cando o documento está preparado.  
Poderemos acceder de forma exitosa a tódolos  
obxectos do documento.  
A partir de aquí teclearíamos o código de jquery....  
*/  
  
});
```

```
jQuery(function(){  
/*  
Cando o documento está preparado.  
Poderemos acceder de forma exitosa a tódolos  
obxectos do documento.  
A partir de aquí teclearíamos o código de jquery....  
*/  
  
});
```

```
$(document).ready(function(){  
/*  
Cando o documento está preparado.  
Poderemos acceder de forma exitosa a tódolos  
obxectos do documento.  
A partir de aquí teclearíamos o código de jquery....  
*/  
  
});
```

Poderemos empregar calqueira dos tres métodos anteriores nos nosos exemplos, xa que **os tres métodos son equivalentes**.

1.7 Funcións de utilidade en jQuery

Aínda que unha das tarefas máis frecuente da función jQuery() é a de seleccionar un grupo de elementos, ésta non é a única tarefa que ten asignada.

Unha desas tarefas adicionais que tamén ten asignada é a de servir de prefixo para a chamada de funcións de certa utilidade.

Por exemplo:

```
$.trim(algo);
```

Se che parece raro o uso do prefixo \$, recorda que \$ é un identificador como calquera outro en JavaScript.

Poderíamos facer a mesma chamada empregando a función jQuery:

```
jQuery.trim(algo);
```

Aquí queda claro que a función trim() é chamada no espacio de jQuery ou polo seu alias \$

NOTA: Aínda que estes elementos son chamados funcións de utilidade na documentación de jQuery, queda claro que son métodos da función \$()

1.8 Explicación en detalle do selector document ready

Cando falamos do JavaScript non intrusivo, estamos dicindo que o comportamento está separado da estrutura do documento. Polo tanto realizaremos operacións sobre os elementos da páxina dende fora da estrutura da mesma.

Para poder facer isto, necesitamos esperar a que todos os elementos DOM (Document Object Model - Modelo de Obxectos do Documento) na páxina estén completamente cargados, antes de comenzo a operar con eles.

Tradicionalmente facíase cun evento onload do obxecto window de JavaScript. A sintaxis típica era:

```
window.onload = function() {  
  $("table tr:nth-child(even)").addClass("colorido");  
};
```

Este código facía que o JavaScript non se executara ata que a táboa esté completamente cargada.

Desafortunadamente co evento onload o navegador ralentiza a execución deste código JavaScript ata que o DOM esté completamente cargado, e ademais ata que tódalas imaxes e recursos externos tamén estén cargados.

Como resultado os visitantes notarán un certo retraso dende que ven a páxina ata que se executa o script. Incluso pode ser peor, se unha imaxe necesita moito tempo para cargar, teríamos que esperar ata que estivera completamente cargada para que o Javascript se execute, e isto faría que non fora moi enriquecedor o emprego de certas funcións visuais en Javascript.

Unha mellora desta técnica sería o ter que esperar simplemente a que o arbol DOM esté construído. Programar ésto para que funcione en varios navegadores é unha tarefa complexa que con jQuery pódese facer relativamente sinselo, da seguinte forma:

```
$(document).ready(function()  
{  
  $("table tr:nth-child(even)").addClass("colorido");  
}  
);
```

O primeiro que facemos é encapsular o documento coa función jQuery(), e a continuación aplicámoslle o método ready() ó cal se lle pasa unha función que se executará cando o documento xa esté preparado para a súa manipulación.

A forma reducida do exemplo anterior sería:

```
$(function() {
    $("table tr:nth-child(even)").addClass("colorido");
});
```

Pasando unha función a `$(...)`, estamos indicándolle ó navegador que espere ata que o DOM esté completamente cargado (pero soamente o DOM) antes de comenzo a executa-lo código. Incluso mellor, podemos usar esta técnica moitas veces dentro do documento HTML, e o navegador executará tódalas funcións indicadas no orden no que foron declaradas na páxina.

Polo contrario a función `onLoad` do Javascript soamente permite o uso dunha soa función.

1.9 Creando elementos DOM

Os autores de jQuery co emprego de `$(...)` (alias de `jQuery(...)`) conseguiron facer unha función o suficientemente flexible para realizar moitas das tarefas que vimos ata agora.

Pero imos a explicar unha nova función de `$(...)`, que é a creación de novos obxectos DOM en execución. Para elo simplemente teremos que pasarlle á función o código html para os novos elementos.

Exemplo:

```
$("#<p>Hola a todos!</p>")
```

Vexamos un exemplo máis completo:

```
<!DOCTYPE html>
<html lang="es">
<head>
  <meta charset="UTF-8">
  <title>Saudos a todos!</title>
</head>
<body>
<p id="parrafo">E Benvidos ó curso!</p>
  <script src="http://code.jquery.com/jquery-2.1.3.min.js"></script>
  <script>
    $(document).ready(function() {
      $("#<p>Hola a todos!</p>").insertBefore("#parrafo");
    });
  </script>
</body>
</html>
```

No exemplo anterior vemos que a función creará un novo párrafo xusto antes do obxecto con ID parrafo.

1.10 Emprego de jQuery con outras librerías

Ainda que jQuery proporciona un potente conxunto de ferramentas que satisfacen á maioría dos programadores, pode haber momentos en que unha páxina requira de múltiples bibliotecas JavaScript. Esta situación podería producirse porque estamos no proceso de transición dunha páxina para o seu uso coa biblioteca jQuery, ou talvez por que queiramos empregar ambas jQuery e outra biblioteca nas nosas páxinas.

Por exemplo si queremos empregar a librería Prototype xunto con jQuery encontraremosnos co conflito de que Prototype tamén usa o símbolo `$` como identificador, polo que chocarían no espacio de nomes con jQuery.

Os autores de jQuery proporcionan unha forma de eliminar este conflito cunha función denominada **`noConflict()`**. En calquera momento cando a librería conflictiva sexa cargada, unha chamada a **`jQuery.noConflict()`**; cederá ó símbolo `$` o significado que ten na outra librería.

--Veiga (discusión) 13:50 26 ene 2015 (GET)